



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 24 DE SETEMBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día vinte e catro de setembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel J. Crespo González
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez González

Asiste tamén a concelleira Elena Baz Rodríguez.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO ÚNICO.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 4.487 de data 8 de xullo de 2015 presentado por D^a. M^a.C.V.G., con enderezo na rúa 9^a Transv. Solanas, nº 5 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 9^a Transv. Solanas, nº 5.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 907 de data 13 de febreiro de 2015 presentado por D^a. A.M.F.H., con enderezo na rúa Roda, nº 20-1^o da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga e lixo para o obxecto tributario sito na rúa Roda, nº 20-1^o.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.184 de data 20 de maio de 2015 presentado por D. A.E.P.C., con enderezo na rúa Bechos, nº 7-2^oE da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Bechos, nº 7-2^oE.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.867 de data 15 de xuño de 2015 presentado por D^a. M^a.E.R.P., con enderezo na rúa Manuel Alvarez, nº 16-bloque 2-2^oF da Guarda, solicitando a



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Manuel Alvarez, nº 16-bloque 2-2ºF.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Vista a solicitude feita por D. MANUEL ALONSO ALONSO, para alta de vado na rúa Mendez Núñez, nº 4 da Guarda, e visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda denegar dita solicitude xa que dito inmovible non dispón de acceso adecuado para a entrada de vehículos.

Lese o escrito RE 6.169 de data 17 de setembro de 2015, presentado por D. DENÍS VICENTE RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Rosentes, nº 2 da Guarda, solicitando a creación por parte do Concello da Guarda dun servizo de normalización lingüística e a posta en marcha de iniciativas que fomenten o uso da lingua galega.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non existe capacidade para crear con fondos propios o servizo demandado pero aínda así a política do Concello respecto do uso do galego é de promoción directa e transversal da lingua e da cultura galega.

Lese o escrito RE 6.168 de data 17 de setembro de 2015, presentado por D. DENIS VICENTE RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Rosentes, nº 2 da Guarda solicitando a apertura da biblioteca municipal nun horario de 8 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se considera moi razoable a súa petición e que incluso agradecen a suxerencia; asimesmo acorda comunicarlle que gobernar é establecer prioridades e, dada a situación actual, non é posible acceder a súa solicitude, pero aínda así, entendendo que a biblioteca é un elemento fundamental para a difusión da cultura e para a educación, co que o equipo de goberno está especialmente sensibilizado, xa se tomou a decisión fai meses de incrementar o horario da biblioteca en tres horas semanais a partir de xaneiro de 2016.

Lese o escrito RE 6.144 de data 16 de setembro de 2015, presentado por D. JOSÉ ALBERTO GONZALEZ VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Manuel Alvarez, nº 8-2ºB da Guarda, actuando en calidade de administrador da comunidade de propietarios da rúa Manuel Alvarez, nº 9 da Guarda, solicitando que se realicen obras na rúa A Lagartosa que eviten a entrada de auga nos garaxes do inmovible sito na rúa Manuel Alvarez, nº 9 (entrada por A Lagartosa).

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se atenderá en breve esta petición.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 6.145 de data 16 de setembro de 2015, presentado por D. JOSÉ ALBERTO GONZALEZ VICENTE, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Manuel Alvarez, nº 8-2ºB da Guarda, actuando en calidade de administrador das comunidades de propietarios da rúa A Lagartosa, nº 3 e nº 5, solicitando a colocación de placas identificativas de dita rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está traballado para colocalas ó máis brevemente posible.

Lese o escrito RE 6.029 de data 11 de setembro de 2015, presentado por D. SAMUEL POUSADA SOAJE, actuando en representación de Federación de Empresarios de Salas de Festa, Baile y Discotecas de Galicia, con domicilio social na rúa Mendez Núñez, nº 27 de Cangas de Morrazo (CP 36940), solicitando certificación da licenza de apertura do establecemento SINGULAR e que se lle realice vixilancia a este establecemento para que cumpra as condicións establecidas pola normativa e pola licenza de apertura.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que dito establecemento conta con licenza de apertura concedida por Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2011 e que dita licenza ten que estar exposta ó público no propio establecemento.

Lese o escrito RE 6.233 de data 21 de setembro de 2015, presentado por ACIGU, trasladando a súa opinión contraria á remodelación parcial da praza de Abastos xa que a súa opción é a remodelación integral.

A Xunta de Goberno Local quere agradecer o seu escrito e suxerencia e asimismo lamenta que esa asociación non faga as aportacións que se lle solicitou para o Regulamento de funcionamento da praza de Abastos.

Sendo as trece horas e corenta e cinco minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.